

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA NOVE DE ABRIL DE 2026 CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Alcalde -Presidente	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO	
Tenentes de Alcalde:	D. MANUEL COSTA CARNEIRO	(Escusa asistencia)
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ	
	D ^a . MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA	
	D ^a . DIANA VARELA BARREIRO	
Secretaria	D ^a . MERCEDES PEREIRAS CALDELAS	

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e cincuenta minutos do día nove de abril de dous mil vinte e seis baixo a Presidencia do Sr. Alcalde -Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (18/03/2026).

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día dezaioito de marzo do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.

2.1.- Instancia núm. 202599900000651 de UFD Distribución Electricidad S.A (Expediente núm. 2025/U022/000010)

Dáse conta da citada instancia na que dona Ana María Salgado López, en representación de UFD Distribución Electricidad S.A, solicita licenza para obras de subministración eléctrica a vivenda unifamiliar de 5,75 kW e nova canalización de 12 metros RBTS en Castro -Ponte Ulla. SGD 618525020159 en Castro - Ponte Ulla (expediente núm.: 2025/U022/000010), en solo cualificado polo vixente PXOM como urbano residencial de baixa densidade en tipoloxía mixta (U-1), e nos termos do proxecto técnico achegado asinado por enxeñeiro técnico industrial CETIM N° 23858 cun orzamento provisional de 1.849,15 euros.

Dáse conta tamén da autorización outorgada mediante resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data do 30/06/2025 (expediente.: XTC-2025-1243.AUI), para as actuacións solicitadas, ao tratarse dunha intervención en un ámbito catalogado polo vixente PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais, e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada de obra e ocupación do dominio público, debendo axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar desde a data de concesión da licenza.

2º.- As obras axustaranse ás seguintes condicións: executaranse conforme á documentación técnica achegada de data 06/05/2025, así como ao contido da autorización sectorial.

As obras deberán adaptarse ao disposto no R.D. 1627/1997 de 24 de outubro sobre Disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, quedando baixo a responsabilidade do promo-

tor o cumprimento do mesmo. Ademais e de acordo co art. 3 do mesmo R.D. 1627/1997, se na obra interveñen máis dunha empresa ou traballadores autónomos, o promotor deberá nomear un coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución da obra, informando ao concello e á autoridade laboral competente.

Os residuos derivados da obra deberán ser entregados a xestores autorizados para o seu tratamento en plantas de reciclaxe ou depósito en vertedoiros apropiados, segundo proceda. Cumprirase o RD 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, no que lle sexa de aplicación.

Os medios auxiliares a empregar dotaranse das medidas de protección necesarias para evitar que materiais e ferramentas poidan caer á rúa, a fin de non comprometer a seguridade pública. No caso de que sexa necesario a ocupación de parte da vía pública con estadas ou similar, deberá resolverse o paso dos viandantes en condicións adecuadas de seguridade e se é necesario desviar o tráfico peonil. Antes da realización das obras deberá solicitarse autorización para que, por parte dos servizos técnicos do concello, se dean as indicacións oportunas para a súa correcta disposición.

3º.- Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral; adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.

Así mesmo teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisíbel. Poderá ser revocada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación; acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.

Dáse conta de que se constituíu garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública con rexistro de entrada neste concello número 202199900000122 de data 03/03/2021.

Así mesmo deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas sinalizando correctamente as obras. As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

4º.- Aprobar a liquidación provisional do imposto municipal que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#)

2.2.- Instancia de don Carlos Varela Pérez (Expediente núm. 2026/U022/000002)

Dáse conta do expediente municipal número 2026/U022/000002 tramitado a instancias de Carlos Varela Pérez para construción de rampla de acceso a parcela, de aproximadamente 18m² de superficie, previa colocación de tubo de PE de 6 metros de largo e 320 mm de diámetro en Trasariz de Abaixo, 16 - Vedra.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais, e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada de obra e ocupación do dominio público, debendo axustarse ás seguintes condicións:

Primeiro.- Conceder a licenza para coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados.

Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral; adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaríanse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.

Así mesmo teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisíbel; poderá ser revocada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación; acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.

Deberanse realizar as actuacións de mantemento e limpeza precisas para garantir o correcto funcionamento da obra.

Así mesmo deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas sinalizando correctamente a obras. As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.3.- Instancia núm. 202699900000020 de dona Verónica María Louro Vizoso (Expediente núm. 2026/U022/000001)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada solicita licenza para obras de reforma de edificación para vivenda, de PB e 56,44 m² construídos, en Outeiro, 10 -Ribadulla (Santa Cruz) (expediente núm.: 2026/U022/000001), en solo cualificado como “Dos núcleos rurais (N-1)”, segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación técnica achegada asinada por Jorge Vales Fernández, en calidade de arquitecto, e un presuposto de execución material de 75.619,20 euros, coas seguintes características:

PARÁMETRO	ORDENANZA N-1	ORDENANZA N-2		PROXECTO
Parcela (neta) mínima (m ²)	300,00	600,00	(1)(2)	905,14
Parcela bruta total (m ²)				1841,05
Cesións regularización vías (m ²)	A aliñación	A aliñación		132,33
Edificabilidade máxima (m ² /m ²)	0,40 (362,06)	0,30		285,90 < (286,40)
Ocupación máxima (%)	50 (452,57)	40		193,58 < 358,00
Aliñación (m)	Plan. / 4,00 eixo	Aliñación / >3,00		> 3,00 m
Recuamentos (m)	Aliñ/>3,00	>3,00	(3)	Sobre aliñación

Alturas (Plantas/m)	S+B+1 / 7,00	S+B+1 / 7,00	(4)	B/3,04m
Altura soto sobre rasante (m)	Teito < 0,60	Teito < 0,60		-
Usos	Viv. unifamiliar	Viv. unifamiliar		Viv. unifamiliar

As actuacións cumpren, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello de Vedra e executaranse sobre a parcela con referencia catastral: 002301000NH43F.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras ou actuacións atender ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza ou da data da presentación da comunicación previa acompañada do proxecto de execución, no caso de concesión da licenza cun proxecto básico. O incumprimento dos prazos sinalados determinará a caducidade da licenza, previa incoación de expediente de caducidade con audiencia á interesada. Os prazos sinalados poderán prorrogarse de conformidade co establecido na lexislación vixente.

2º.- Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por Jorge Vales Fernández número de visado 2506983/4, sen que se poida alterar o proxecto ou actuacións autorizadas, se previamente non se solicita e obtén do concello de Vedra a autorización expresa para tal alteración.

As obras deberán adaptarse ao disposto no R.D. 1627/1997, do 24 de outubro, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, quedando baixo a responsabilidade do promotor o cumprimento do mesmo.

O promotor responderá dos posibles danos que se causen no espazo público con motivo da execución das obras ou actuacións. No caso de ser preciso o valado da obra ou actuación deberá reunir as debidas condicións de seguridade para a protección da vía pública e estarán debidamente sinalizados, especialmente durante a noite. Non será preciso o permiso de valado cando a obra ou actuación se realice no interior da parcela, sen afectar á vía pública. Os medios auxiliares a empregar dotaranse das medidas de protección precisas para evitar, de ser o caso, que materiais e ferramentas poidan caer á rúa, a fin de non comprometer a seguridade pública. No caso de ser preciso a ocupación de parte da vía pública con estadas ou similar, deberá resolverse o paso dos viandantes en condicións axeitadas de seguridade. Se é preciso desviar o tráfico peonil antes da realización das obras deberá solicitarse autorización para que, por parte dos servizos técnicos municipais, se dean as indicacións oportunas para a súa correcta disposición. Disporanse os medios auxiliares precisos para non afectar nin provocar prexuízos ás edificacións lindadeiras ou a terceiros.

Non se afectará ningún elemento da vía ou do espazo público (pavimentos, beirarrúas, canalizacións, etc..) que non foran autorizados polo concello.

Os residuos de construción producidos durante a execución das obras deberán ser entregados a xestores autorizados para o seu tratamento en plantas de reciclaxe ou depositados en vertedoiros autorizados.

Os traballos realizaranse baixo a vixilancia do persoal encargado do mantemento das redes de abastecemento e saneamento cando estas existan na zona da actuación, así coma de gas ou electricidade. En caso contrario e á vista do disposto no artigo 24 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia deberá dotar á finca de abastecemento de auga e de sistema de eliminación de augas residuais, de forma simultánea coa edificación, achegando as autorizacións preceptivas de Augas de Galicia coa comunicación de primeira ocupación.

Rematada a construción, instalación, ampliación ou reforma dunha edificación e recibidas as obras de urbanización (cando proceda), non poderá ser utilizada se o beneficiario da licenza de obra non comunica a primeira ocupación da edificación, achegando a documentación preceptiva.

Os beirís de cuberta non excederán os 0,40 m de saínte, conforme ao artigo 18.17 da normativa urbanística do vixente PXOM.

A licenza concedida non autoriza a execución de peches nin valados na parcela non reflectidos no proxecto.

3º.- Así mesmo, e á vista do disposto no artigo 24 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acéptase a cesión de terreo para a regularización da vía pública nos termos do disposto na documentación achegada para os efectos, e no plano do proxecto número U.03, de 132,33 m², e que, previos os trámites oportunos, será incorporada ao Inventario Municipal de Bens, debendo achegar previo ao inicio das obras escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade correspondente, a favor do concello de Vedra e libre de cargas, na que se formalice a mencionada cesión.

A zona de cesión para regularización da vía deberá quedar axardinada, ao mesmo nivel que a vía pública e libre de obstáculos. Para estes efectos, e previo ao inicio das obras, deberase xustificar o efectivo cumprimento dos requisitos mencionados con documentación gráfica e fotográfica.

Durante a execución das obras ou actuacións o persoal dos servizos técnicos municipais do concello de Vedra poderá inspeccionar os traballos sempre que o xulguen conveniente ou o ordene a autoridade municipal.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-Impostos sobre construcións, instalacións e obras (provisional): mil cincocentos doce euros con trinta e oito céntimos (#1.512,38#).

Os interesados ingresarán, na conta sinalada para os efectos, os importes das liquidacións de dereitos resultantes do expediente e, logo de acreditado o pagamento, expedirase a licenza.

Coa certificación final de obra e a comunicación de primeira ocupación deberá achegarse a liquidación definitiva da obra ou actuación para o cálculo final do imposto de construcións, instalacións e obras.

2.4.- Instancia núm. 20269000000092 de don Miguel Angel Picón Rubial. (Expediente núm. 2026/U024/000002)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado solicita licenza para actuacións de plantación de viñado con postes de formigón, emparrado con tubos metálicos galvanizados e arame de aceiro en Ribadulla (Santa Cruz) (expediente núm.: 2026/U024/000002), en solo cualificado como “Solo rústico de especial protección de espazos naturais. (R-6)”, segundo o vixente PXOM, e nos termos do proxecto técnico achegado asinado por enxeñeiro técnico agrícola, colexiado número 1428.

As actuacións cumpren, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal de este Concello de Vedra e executaranse sobre a parcela con referencia catastral: 15090A50701814.

Dáse conta tamén da autorización outorgada por Augas de Galicia no expediente clave DH.W15.113840, que cumpre.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais, acorda conceder a licenza solicitada, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, debendo as obras ou actuacións axustarse e atender ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza. O incumprimento dos prazos sinalados determinará a caducidade da licenza, previa incoación de expediente de caducidade con audiencia ao interesado. Os prazos sinalados poderán prorrogarse de conformidade co establecido na lexislación vixente.

2º.- Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada con data 13/02/2026, sen que se poida alterar o proxecto ou actuacións autorizadas, se previamente non se solicita e obtén do concello de Vedra a autorización expresa para tal alteración.

Non se afectará ningún elemento das vías ou espazos públicos (pavimentos, beirarrúas, canalizacións, etc), que non foran autorizados polo concello. O promotor responderá dos posibles danos que se causen no espazo público con motivo da execución das obras, movemento de maquinaria, etc. No caso de ser preciso o valado da obra ou actuación deberán reunir as debidas condicións de seguridade para a protección da vía pública e estarán debidamente sinalizados, especialmente durante a noite. Non será preciso o permiso de valado cando a obra ou actuación se realice no interior da parcela, sen afectar á vía pública.

Durante a execución das obras ou actuacións o persoal dos servizos técnicos municipais do concello de Vedra poderán inspeccionar os traballos sempre que o xulguen conveniente ou o ordene á autoridade municipal.

As obras ou actuacións deberán cumprir as disposicións da normativa sectorial que lle resulten de aplicación e nos termos das autorización outorgadas.

A licenza concedida non autoriza a execución de peches nin valados na parcela non reflectidos no proxecto.

As estruturas fixas deberanse situar a unha distancia mínima de 6m dende o eixe das vías municipais.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.5.- Instancia núm. 202600000000245 de dona María Isabel Serrada Docampo (Expediente número 2026/U052/000001)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, expón que con data do 09.03.2000 a Xunta de Goberno Local concedeu licenza para construción de vivenda unifamiliar en Viño grande, 30 – Illobre (San Andrés), referencia catastral da parcela 000201100NH43E, (licenza número 58/2000), nos termos do proxecto achegado e asinado por Jesús Álvarez Flores e Rufo José Fernández Rodríguez en calidade de arquitectos, e que rematadas as obras e achegando a documentación preceptiva comunica a primeira ocupación da edificación obxecto do expediente.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do disposto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (artigo 142), no Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, así como na demais lexislación de aplicación, toma coñecemento da comunicación da primeira ocupación (expediente municipal número: 2026/U052/000001).

A toma de coñecemento faise deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

3º.- Acordo manifestando a vontade de acollerse ao incremento da achega autonómica previsto no segundo parágrafo do núm. 1, letra A) do Anexo III do Decreto 99/212, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Dáse conta da Orde do 26 de marzo de 2026, da Consellería de Política Social e Igualdade, pola que se modifica o Anexo III , letra A) do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento (DOG núm. 58/26, do 27 de marzo), que queda redactado da seguinte maneira:

Cráterios para o financiamento do servizo de axuda no fogar (SAF):

A) Garantía de financiamento da renovación anual do servizo de axuda no fogar para persoas valoradas como dependentes con dereito de atención recoñecido na correspondente resolución do programa individual de atención.

1. Módulo económico que se aplicará: a achega da Xunta será igual á diferenza entre o custo do servizo, declarado pola corporación local na xustificación e avaliación do proxecto anual de servizos sociais máis recente dispoñible, menos o importe da participación da persoa usuaria no custo do servizo, por hora efectiva de atención xustificada a persoas con programa individual de atención de servizo de axuda no fogar.

En todo caso, a achega por parte de Xunta de Galicia por cada hora efectiva de atención xustificada a persoas con programa individual de atención de servizo de axuda no fogar será dun máximo de 12 euros/hora. Adicionalmente, a achega autonómica incrementarase en 4euros/hora durante a anualidade 2026, 5 euros/hora durante a anualidade 2027 e 6 euros/hora durante a anualidade 2028 e seguintes, para aquelas corporacións locais que presten o servizo en condicións de estandarización e homoxeneidade e manifesten a súa vontade de acollerse a este incremento.

O incremento establecido para o presente exercicio terá efectos dende o 01.01.2026.

As corporacións locais que presten o servizo en condicións de estandarización e homoxeneidade deben manifestar a súa vontade de acollerse ao incremento da achega autonómica no prazo dun mes dende a entrada en vigor da citada orde.

Á vista do anterior a Xunta de Goberno acorda:

x

PRIMEIRO.- Declarar que a corporación local presta o servizo de axuda no fogar en condicións de estandarización e homoxeneidade requiridas para acceder ao incremento da achega autonómica.

SEGUNDO.- Manifestar a vontade do concello de Vedra de recibir o financiamento adicional previsto no segundo parágrafo do número 1 da letra A) do Anexo III do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

4º.- Aprobación prezos públicos.

4.1.- Prezo público da XXXIII Romaría da Terceira Idade.

Á vista de que o concello de Vedra organiza a XXXIII Romaría da Terceira Idade e considerando a documentación que obra no expediente 2026/X999/000087, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Aprobar o prezo público da “XXXIII Romaría da Terceira Idade” que se achega como Anexo I á presente acta.

Segundo: Dar traslado da presente resolución aos servizos económicos municipais.

Terceiro: Proceder á súa publicación na páxina web do concello (www.concellodevedra.es) e na sede electrónica municipal (<https://sede.vedra.es>)

4.2.- Prezo público campamentos de verán.

A vista de que o concello de Vedra, a través do departamento de xuventude organiza unha nova campaña de campamentos de verán para o ano 2026, e á vista da documentación que obra no expediente 2026/X999/000088, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Aprobar o prezo público dos campamentos de verán do ano 2026 que se achega como Anexo II á presente acta.

Segundo: Dar traslado da presente resolución aos servizos económicos municipais.

Terceiro: Proceder á súa publicación na páxina web do concello (www.concellodevedra.es) e na sede electrónica municipal (<https://sede.vedra.es>)

5º.- Dar conta de Resolucións da Presidencia.

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía do mes de marzo:

DECRETO	DATA	ASUNTO
201	02/03/2026	Aprobación da alta no padrón fiscal da taxa de sumidoiros do exercicio 2026 do obxecto tributario sito en Tomonde, 4 – Santa Cruz de Ribadulla
202	02/03/2026	Aprobación da modificación no padrón fiscal da taxa de lixo do exercicio 2026 do suxeito pasivo do obxecto tributario sito en Vilar, 24 – San Pedro de Vilanova e aprobación da liquidación do ano 2025
203	02/03/2026	Aprobación da modificación no padrón fiscal da taxa de lixo do exercicio 2026 do suxeito pasivo do obxecto tributario sito en Texo, 4 – San Fins de Sales
204	02/03/2026	Aprobación da alta no padrón fiscal da taxa de lixo do exercicio 2026 do obxecto tributario sito en Nande, 75 – San Fins de Sales
205	02/03/2026	Aprobación da alta no padrón fiscal da taxa de lixo do exercicio 2026 do obxecto tributario sito en Vilarpiñeiro, 19 – San Andrés de Illobre
206	02/03/2026	Anulación da liquidación da taxa de sumidoiros da anualidade 2025 da vivenda núm. 18 de Castro –Ponte Ulla
207	02/03/2026	Aprobación da alta no padrón fiscal da taxa de sumidoiros do exercicio 2026 do obxecto tributario sito en Paradela, 69 – San Xíán de Sales
208	02/03/2026	Aprobación da modificación no padrón fiscal da taxa de lixo do 2026 do suxeito pasivo do obxecto tributario sito en Cibrán, 20 – San Xíán de Sales
209	02/03/2026	Aprobación da alta no padrón fiscal da taxa de sumidoiros do exercicio 2026 do obxecto tributario sito en Cibrán, 20 – San Xíán de Sales
210	02/03/2026	Aprobación da alta no padrón fiscal da taxa de sumidoiros do exercicio 2026 do obxecto tributario sito en Avda. M. M. Gómez Lorenzo 19A – Vedra
211	02/03/2026	Aprobación da alta no padrón fiscal da taxa de sumidoiros do exercicio 2026 do obxecto tributario sito en Romarís, 11- San Xíán de Sales
212	02/03/2026	Aprobación da modificación no padrón fiscal da taxa de lixo do exercicio 2026 do suxeito pasivo do obxecto tributario sito en Tomonde, 4 – Santa Cruz de Ribadulla
213	02/03/2026	Aprobación anulación liquidación da taxa de lixo da anualidade 2025 da vivenda sita en Vilar, 24 – San Pedro de Vilanova
214	02/03/2026	Aprobación da modificación no padrón fiscal da taxa de lixo e sumidoiros do obxecto tributario sito en Ponte Ulla, 3 –Ponte Ulla
215	02/03/2026	Aprobación da modificación no padrón fiscal da taxa de lixo e sumidoiros do obxecto tributario sito en Galegos, 12 A – Santa Cruz de Ribadulla
216	02/03/2026	Aprobación da modificación no padrón fiscal da taxa de lixo do 2026 do suxeito pasivo do obxecto tributario sito en Feal, 6 – San Mamede de Ribadulla
217	02/03/2026	Aprobación da modificación no padrón fiscal da taxa de lixo do 2026 do suxeito pasivo do obxecto tributario sito en Viño grande, 21 – San Andrés de Illobre
218	02/03/2026	Aprobación da modificación no padrón fiscal da taxa de lixo do 2026 do suxeito pasivo do obxecto tributario sito en Viño grande, 9 – San Andrés de Illobre

219	02/03/2026	Aprobación da modificación no padrón fiscal da taxa de lixo do 2026 do suxeito pasivo do obxecto tributario sito en Viño grande, 1 – San Andrés de Illobre
220	02/03/2026	Solicitud de subvención á Xunta de Galicia para a promoción da igualdade e de prevención da violencia de xénero, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027
221	02/03/2026	Incoación de expediente para a contratación da subministración de materiais para ampliacións da rede de abastecemento de auga nas parroquias de Ponte Ulla, Santa Cruz de Ribadulla, San Pedro de Vilanova e San Mamede de Ribadulla, mediante procedemento de contrato menor (Expediente 2026/C002/000004)
222	02/03/2026	Aprobación expediente de contratación da obra de Melloras na Escola Infantil Municipal financiadas mediante convenio asinado co Consorcio Galego de Igualdade e Benestar ao abeiro da Conferencia Sectorial do 04.06.2025 (Fondo de Cohesión e Transformación Territorial do Ministerio para a Transición Ecolóxica e do Reto Demográfico) (100%) (Expediente 2026/C003/000002)
223	03/03/2026	Autorizando acometida e conexión co servizo municipal de abastecemento de auga da vivenda núm. 9 de Fufin- Vedra e aprobación da liquidación correspondente.
224	03/03/2026	Autorizando acometida e conexión co servizo municipal de abastecemento de auga da vivenda núm. 12 de Castro –Ponte Ulla e aprobación da liquidación correspondente
225	03/03/2026	Aprobación liquidación taxas por expedición de informe sobre infracción urbanística en parcela
226	03/03/2026	Aprobación liquidación de taxas por informe urbanístico de parcela
227	03/03/2026	Aprobación proxecto da obra de Mellora de camiño de A Boca a Fornelos e solicitude de subvención ao abeiro da Orde do 30.12.2025 pola que se establecen as bases e a convocatoria de axudas para actuacións en camiños rurais no período 2026/2027, cofinanciadas polo Feader no marco do Plan Estratéxico do PAC 2023-2027 de España.
228	03/03/2026	Autorizando acometida e conexión co servizo municipal de abastecemento de auga da vivenda núm. 6 de Manteles de Arriba - Vedra e aprobación da liquidación correspondente
229	03/03/2026	Autorización para acometida e conexión coa rede de saneamento da vivenda núm. 10 de A Lagoa - Santa Cruz de Ribadulla
230	04/03/2026	Altas no padrón municipal de habitantes
231	04/03/2026	Aprobación proxecto da obra de Ampliación da rede de abastecemento de auga a Feal e Corbeixe e solicitude de subvención ao abeiro da Orde do 16.01.2026 pola que se establecen as bases e a convocatoria de axudas do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2026.
232	04/03/2026	Autorizando ao Club Olímpico de Vedra a realización da proba deportiva XI Duatlón Vedra por equipos (Campionato Xunta de Galicia de Duatlón contra reloxo por equipos) o día 14 de marzo polo itinerario presentado coa solicitude
233	05/03/2026	Aprobación e orde de pagamento da taxa por ocupación de dominio público ferroviario correspondentes á anualidade 2026
234	05/03/2026	Incoando expediente para a retirada de pólas de árbore (carballo) que invade vía municipal en Cumbraos - Vilanova (San Pedro)
235	05/03/2024	Arquivo do expediente de retirada de pólas de árbore que invaden camiño ao terse retirado unha das árbores obxecto do mesmo e iniciar expediente de orde de execución en relación coas ramas doutro que invaden o camiño.
236	05/03/2026	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a prestacións varias

		incluídos na relación de facturas F.2026.8 por importe de 37.733,10 euros
237	05/03/2026	Altas no padrón municipal de habitantes
238	05/03/2026	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de excursións da terceira idade realizadas no mes de febreiro
239	05/03/2026	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria dos servizos incluídos no programa de actividades culturais municipais 2026/2027 correspondentes ao mes de marzo
240	05/03/2026	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de EIM, concepto de comedor, correspondente ao mes de febreiro
241	05/03/2026	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do Programa Conxuga, modalidade ludoteca e madrugadores, por asistencia días soltos no mes de febreiro
242	05/03/2026	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de cesión de uso de posto no Centro de Emprendemento A Estación – Espazo Coworking do concello de Vedra do mes de febreiro
243	05/03/2026	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de SAF, modalidade dependencia, correspondente ao mes de febreiro
244	05/03/2026	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de SAF, modalidade libre concorrencia, correspondente ao mes de febreiro
245	05/03/2026	Aprobación da modificación no padrón fiscal da taxa de lixo e de sumidoiros do 2026 do suxeito pasivo do obxecto tributario sito en Sol, 8 –Santa Cruz de Ribadulla
246	05/03/2026	Aprobación da alta no padrón fiscal da taxa de lixo do exercicio 2026 do obxecto tributario sito en Castro, 18 –Ponte Ulla e liquidación da taxa do exercicio 2025
247	05/03/2026	Aprobación da modificación no padrón fiscal da taxa de sumidoiros do 2026 do suxeito pasivo do obxecto tributario sito en Eiravedra, 28 – Santa Cruz de Ribadulla
248	05/03/2026	Aprobación da modificación no padrón fiscal da taxa de lixo 2026 do suxeito pasivo do obxecto tributario en lugar Eiravedra 19 1º.
249	05/03/2026	Incoando expediente para xestión de biomasa en parcelas en A Torre – San Xián de Sales
250	05/03/2026	Aprobación da alta no padrón fiscal da taxa de lixo do exercicio 2026 do obxecto tributario sito en Marzán de Abaixo, 7 -Vedra
251	05/03/2026	Aprobación da modificación no padrón fiscal da taxa de sumidoiros do 2026 do suxeito pasivo do obxecto tributario sito en Castro, 18- Ponte Ulla e aprobación da liquidación do ano 2025
252	05/03/2026	Aprobación da alta no padrón fiscal da taxa de lixo do exercicio 2026 do obxecto tributario sito en Cibrán, 26 – San Xián de Sales
253	05/03/2026	Aprobación da alta no padrón fiscal da taxa de sumidoiros do exercicio 2026 do obxecto tributario sito en Cibrán, 26 – San Xián de Sales
254	05/03/2022	Incoando expediente para xestión de biomasa en parcelas en Bazar- San Andrés de Trobe
255	05/03/2026	Incoando expediente para xestión de biomasa en parcelas en Santardao –Santa Cruz de Ribadulla (entorno de Pirotecnía Penide)
256	06/03/2026	Solicitude subvención á Consellería de Política Social e Igualdade ao abeiro da Orde do 22.01.2026 (Plan Corresponsables 2026)
257	06/03/2026	Ampliación intensidade SAF –Libre concorrencia
258	06/03/2026	Adxudicación como contrato menor Programa de Voluntariado Interxeracional Entretempos Vedra en Voz Alta (subministración

		material funxible para actividades e campaña de comunicación e exposicións) (Proxecto Piloto Talento Interxeracional –Fondos NexGenerationEU) (Expediente núm. 2026/C002/000007)
259	06/03/2026	Adxudicación como contrato menor Programa de Voluntariado Interxeracional Entretempos Vedra en Voz Alta (Accións de dinamización do programa posta en valor do patrimonio) (Proxecto Piloto Talento Interxeracional –Fondos NexGenerationEU) (Expediente núm. 2026/C002/000009)
260	06/03/2026	Adxudicación como contrato menor Programa de Voluntariado Interxeracional Entretempos Vedra en Voz Alta (Dinamización ruta arquitectónica, liña turística e de posta en valor do patrimonio) (Proxecto Piloto Talento Interxeracional –Fondos NexGenerationEU) (Expediente núm. 2026/C002/000008)
261	06/03/2026	Adxudicación como contrato menor Programa de Voluntariado Interxeracional Entretempos Vedra en Voz Alta (Deseño do proxecto, formación e dinamización do programa e radio-podcast) (Proxecto Piloto Talento Interxeracional –Fondos NexGenerationEU) (Expediente núm. 2026/C002/000005)
262	06/03/2026	Altas no padrón municipal de habitantes
263	09/03/2026	Solicitude de subvención ao abeiro da Orde do 30.12.2025 pola que se establecen as bases para a concesión de axudas a estudos e investimentos vinculados á conservación, recuperación e rehabilitación do patrimonio natural e cultural e á sensibilización ecolóxica na Rede Natura 2000, parques naturais e reservas da biosfera de Galicia, cofinanciadas polo Feder no marco do Plan Estratéxico da PAC 2023/2027 en Galicia (Miradoiro de Gundián)
264	09/03/2026	Cambio de titularidade licenza de taxi núm. 2 a favor de Francisco Javier Rodríguez Sánchez
265	10/03/2026	Adxudicación como contrato menor da subministración de materiais para ampliacións da rede de abastecemento de auga nas parroquias de Ponte Ulla, Santa Cruz de Ribadulla, San Pedro de Vilanova e San Mamede de Ribadulla (Expediente núm. 2026/C002/000004)
266	10/03/2026	Aprobación da listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas do proceso selectivo para a cobertura dunha praza de técnico/a de administración xeral (A1) pola quenda de promoción interna e data do exercicio teórico da fase de oposición
267	10/03/2026	Aprobación da listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas do proceso selectivo para a cobertura dunha praza de técnico/a de xestión (A2) pola quenda de promoción interna e data do exercicio teórico da fase de oposición
268	10/03/2026	Aprobación da listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas do proceso selectivo para a cobertura de tres prazas de administrativos/as (C1) pola quenda de promoción interna e data do exercicio teórico da fase de oposición
269	11/03/2026	Adxudicación como contrato menor Programa de Voluntariado Interxeracional Entretempos Vedra en Voz Alta (Creación, establecemento e desenvolvemento de modelos efectivos e viables - audiovisuais) (Proxecto Piloto Talento Interxeracional –Fondos NexGenerationEU) (Expediente núm. 2026/C002/000006)
270	12/03/2026	Aprobación liquidación taxas de expediente de licenza para a instalación dunha fosa séptica en A ferreira, 10 – San Fins de Sales
271	12/03/2026	Altas no padrón municipal de habitantes
272	12/03/2026	Aprobación da listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas do proceso selectivo para a funcionarización dunha praza de técnico/a de

		emprego e de servizos (A2) pola queda de promoción interna e data do exercicio teórico da fase de oposición
273	12/03/2026	Aprobación liquidación taxas por informe urbanístico de parcela
274	12/03/2026	Autorización para acometida e conexión coa rede de saneamento da vivenda núm. 14 de Outeiro - Santa Cruz de Ribadulla
275	12/03/2026	Autorización para acometida e conexión coa rede de saneamento da vivenda núm. 27 de Fontao – Vedra
276	12/03/2026	Altas no padrón municipal de habitantes
277	13/03/2026	Aprobación da listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas do proceso selectivo para a funcionarización dunha praza de axente de desenvolvemento local (A2) e data do exercicio teórico da fase de oposición
278	12/03/2026	Altas no padrón municipal de habitantes
279	12/03/2026	Altas no padrón municipal de habitantes
280	12/03/2026	Aceptando proposta da Mesa de Contratación do día 12.03.2026 de clasificación das ofertas e requirimento ao mellor clasificado, Son A Túa Axuda, para que presenta documentación preceptiva para adxudicarlle o contrato do servizo de axuda no fogar (Expediente 2025/C004/000001)
281	13/03/2026	Adxudicación como contrato menor Programa de Voluntariado Interxeracional Entretempos Vedra en Voz Alta (Accións de dinamización do programa para posta en valor do patrimonio) (Proxecto Piloto Talento Interxeracional –Fondos NexGenerationEU) (Expediente núm. 2026/C002/000010)
282	13/03/2026	Altas no padrón municipal de habitantes
283	16/03/2026	Altas no padrón municipal de habitantes
284	16/03/2026	Aprobación memoria e solicitude subvención en relación coa Resolución do 20 de febreiro de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións a concellos de ata 10.000 habitantes para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas e se anuncia a súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento TU503D)(DOG núm. 46 do 10/03/2026) (Restauración do Miradoiro de Gundían)
285	16/03/2026	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
286	16/03/2026	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de actividades deportivas correspondentes ao 2º cuadrimestre da tempada 2025/2026
287	16/03/2026	Adxudicación como contrato menor do servizo de consultoría para a elaboración do expediente de contratación do servizo do ciclo integral da auga do Concello de Vedra (Expediente núm. 2026/C002/000011)
288	16/03/2026	Aprobación liquidación taxas expediente de informe urbanístico
289	18/03/2026	Aprobación liquidación taxas expediente de licenza de parcelamento e agrupamento de parcelas en Castro –San Andrés de Illobre
290	18/03/2026	Incoando expediente de limpeza de parcela en A torre – San Xián de Sales
291	18/03/2026	Aprobación reintegro de importe non xustificado en relación coa subvención para a contratación de persoal temporal para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural 2021) por importe de 378,07 euros
292	18/03/2026	Aprobación da listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas do proceso selectivo para a funcionarización dunha praza de arquitecto/a técnico/a (A2) e data do exercicio teórico da fase de oposición
293	18/03/2023	Aprobación certificación final das obras correspondentes á actuación 2.1. Mobilidade sostible A Ponte Ulla (Reurbanización do vial de

		acceso á igrexa de Santa María Magdalena de Ponte Ulla) do PSTD Terras de Santiago
294	20/03/2026	Concesión axuda directa á Asociación de Festexos Populares de San Xián de Sales
295	20/03/2026	Indemnizacións por asistencia á comisión técnica de valoración da oferta técnica dos licitadores do contrato de servizo de axuda no fogar
296	20/03/2026	Aprobación certificación núm. 2 da obra de Ampliación da rede de saneamento en Paradela (POS + Adicional 2/2025) e factura correspondente da adxudicataria, Alcomte Galicia S.L, por importe de 40.254,97 euros
297	20/03/2026	Aprobación recoñecemento extraxudicial de créditos 2.2026 para aplicar ao orzamento de 2026 xustificantes de gastos vinculados a prestacións varias incluídos na relación de facturas F.2026.09 por importe de 12.356,20 euros
298	20/03/2026	Aprobación alta no padrón fiscal da taxa de sumidoiros do 2026 do obxecto tributario sito en Cibrán, 20- San Xián de Sales
299	20/03/2026	Revogación de resolucións da alcaldía 208 e 209 do 02.03.2026 de alta no padrón fiscal da taxa de sumidoiros e modificación do suxeito pasivo no padrón fiscal do exercicio 2026 da taxa de lixo o obxecto tributario sito en Cibrán, 20 –San Xián de Sales
300	20/03/2026	Aprobación da modificación no padrón fiscal da taxa de lixo e de sumidoiros do 2026 do suxeito pasivo do obxecto tributario sito en Tomonde, 23 – Santa Cruz de Ribadulla
301	20/03/2026	Aprobación da modificación no padrón fiscal da taxa de lixo do 2026 do suxeito pasivo do obxecto tributario sito en Illobre, 3
302	20/03/2026	Aprobación da modificación no padrón fiscal da taxa de lixo do 2026 do suxeito pasivo do obxecto tributario sito en Sete, 6- Santa Cruz de Ribadulla
303	23/03/2023	Suspensión temporal asistencia á EIM por causas médicas de JAFL
304	23/03/2026	Baixa no SAF, libre concorrência, por pasar á modalidade de dependencia de MVTP
305	23/03/2026	Altas no padrón municipal de habitantes
306	23/03/2026	Altas no padrón municipal de habitantes
307	23/03/2026	Altas no padrón municipal de habitantes
308	23/03/2026	Concesión de tarxeta de aparcadoiro para persoas con discapacidade e problemas de mobilidade (nº 199) a RRP
309	24/03/2026	Aprobación e orde de pagamento da taxa de solicitude de autorización para a obra de Ampliación da rede de abastecemento de auga á Corbeixe e Feal (FCA 2026)
310	24/03/2026	Estimar as alegacións de Divarian Propiedad, S.A achegadas e modificar a liquidación 0140846634260000472788 de taxas da resolución da alcaldía 30/10/2025, número 976/2025, ao importe de trinta (#30,00#) euros, por informes urbanísticos de parcelas incluídas no Sund.4-Parque Empresarial de Vedra
311	25/03/2026	Aprobación e orde de pagamento das nóminas do mes de marzo
312	25/03/2026	Adxudicación contrato do servizo de axuda no fogar ao licitador Son A Túa Axuda S.L (Expediente núm. 2025/C004/000001)
313	25/03/2026	Aprobación xustificantes de gastos vinculados ao contrato de servizos de actuacións de carácter intermunicipal do PSTD Terras de Santiago, incluídos na relación de facturas F.2026.11 por importe de 80.394,98 euros
314	25/03/2026	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a prestacións varias incluídos na relación de facturas F.2026.14 por importe de 127.396,10 euros

315	27/03/2026	Aprobación liquidación de taxas por renovación de actividade de furancho en Ximonde, 1 – San Miguel de Sarandón
316	27/03/2026	Aprobación da relación de aspirantes que superaron o proceso selectivo para a cobertura dunha praza de técnico/a de xestión (A2) pola quenda de promoción interna
317	27/03/2026	Aprobación da relación de aspirantes que superaron o proceso selectivo para a cobertura de tres prazas de administrativo/a (C1) pola quenda de promoción interna
318	27/03/2026	Aprobación da modificación no padrón fiscal da taxa de lixo do 2026 do suxeito pasivo do obxecto tributario sito en Viño grande, 17 – San Andrés de Illobre
319	27/03/2026	Aprobación da modificación no padrón fiscal da taxa de lixo do 2026 do suxeito pasivo do obxecto tributario sito en Cornado, 12 – San Fins de Sales
320	27/03/2026	Aprobación da modificación no padrón fiscal da taxa de lixo e sumidoiros do 2026 do suxeito pasivo do obxecto tributario sito en R/ Alcalde Francisco Carrillo, 10- Santa Cruz de Ribadulla
321	27/03/2026	Aprobación liquidación taxas por informe urbanístico de parcela en A Pedreira – San Miguel de Sarandón
322	30/03/2026	Aprobación da relación de aspirantes que superaron o proceso selectivo para a cobertura dunha praza de técnico/a de administración xeral (A1) pola quenda de promoción interna
323	30/03/2026	Altas no padrón municipal de habitantes
324	30/03/2026	Altas no padrón municipal de habitantes
325	30/03/2026	Nomeamento de persoas que superaron o proceso selectivo para a cobertura de tres prazas de administrativos/as (C1) pola quenda de promoción interna
326	30/03/2026	Aprobación da modificación no padrón fiscal da taxa de xestión do lixo 2026 do suxeito pasivo do obxecto tributario sito en Sobredo 13 – San Pedro de Vilanova
327	30/03/2026	Nomeamento de persoas que superaron o proceso selectivo para a cobertura dunha praza de técnico/a de xestión (A2) pola quenda de promoción interna
328	30/03/2026	Aprobación dos xustificantes de gastos vinculados á subministración de enerxía eléctrica incluídos na relación de facturas F.2026.12 por importe de 25.247,75 euros
329	31/03/2026	Aprobación dos xustificantes de gastos vinculados a telefonía e internet incluídos na relación de facturas F.2026.13 por importe de 5.006,60 euros e aboamentos por importe de -32,55 euros
330	31/03/2026	Nomeamento das persoas que superaron o proceso selectivo para a cobertura dunha praza de técnico/a de administración xeral (A1) pola quenda de promoción interna
331	31/03/2026	Autorización para acometida e conexión coa rede de saneamento da vivenda núm. 17 de Romarís - San Xián de Sales
332	31/03/2026	Aprobación convocatoria e bases para a elección de Xuíz/a de Paz Titular do concello de Vedra
333	31/03/2026	Aprobación liquidación taxas por expedición de informe urbanístico de parcela
334	31/03/2026	Aprobación liquidación taxas expediente de licenza de primeira ocupación de vivenda en Viño grande, 30 – San Andrés de Illobre
335	31/03/2026	Altas no padrón municipal de habitantes
336	31/03/2026	Designación Vogal 4º na Mesa de Contratación da obra de Melloras na Escola Infantil Municipal (Convenio co Consorcio de Benestar e Igualdade ao abeiro da Conferencia Sectorial do Reto Demográfico do

		04.06.2025)
337	31/03/2026	Altas no padrón municipal de habitantes
338	31/03/2026	Concesión de praza no Programa Conxuga, modalidade ludoteca, a JCN
339	31/03/2026	Baixa no Programa Conxuga, modalidade ludoteca, de MSM
340	31/03/2026	Aprobación proxecto básico/memoria valorada e solicitude subvención en relación coa Resolución do 30 de decembro de 2025 pola que se publica o Acordo do Consello de Dirección, do 17 de decembro de 2025, polo que se aproban as bases reguladoras das axudas para a execución de operacións en apoio de terceiras persoas que se tramiten ao abeiro da Intervención Leader, cofinanciadas co Feader no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 (PEPAC), e se anuncia a convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento MR701L) (DOG núm. 21 do 02/02/2026) (Numeración dixital municipal Concello de Vedra)

A Xunta de Goberno dáse por informada.

6.- Outros asuntos.

6.1.- Renovación funcionamento de furancho en San Miguel de Sarandón (Expediente núm. 2026/U015/000001)

Dáse conta da declaración responsable achegada por don Fabián López Canicoba para renovar o funcionamento dun establecemento dedicado a furancho no lugar de Ximonde, 1 – Sarandón (San Miguel). Referencia catastral: 002000400NH43C.

Vista a documentación que se achega e tendo en conta o disposto no Decreto 215/2012, do 31 de outubro, polo que se regulan os furanchos da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do expediente, toma coñecemento do declarado, nos termos da documentación achegada, debendo comunicar o peche do establecemento ao finalizar o período autorizado, sen que isto supoña baixa da actividade, e a nova apertura na tempada seguinte acompañando a seguinte documentación:

- Renovación do seguro de responsabilidade civil.
- Documentación acreditativa de ter realizado as declaracións obrigatorias do viño.
- Análise do viño da nova tempada e cantidade da que se dispón.

O novo período de apertura será do 19/03/2026 ate 19/06/2026. Así mesmo darase traslado da renovación aos órganos competentes en materia de turismo, medio rural e sanidade.

Conclúe ao fio das vinte e unha horas e corenta minutos.

ANEXO I

APROBACIÓN DO PREZO PÚBLICO DA CELEBRACIÓN XXXIII ROMARÍA DA TERCEIRA IDADE

Artigo 1. Obxecto.

De conformidade co establecido no artigo 41 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e nas bases de execución do concello de Vedra, fíxanse as contías dos prezos públicos aplicables á “XXXIII Romaría da Terceira Idade” que terá o lugar o próximo día 16 de maio de 2026.

Artigo 2. Persoas obrigadas ao pagamento.

Persoas asistentes á romaría considerando que poderán asistir as persoas que poidan valerse por si mesmas que estean empadroadas no concello e cumpran algún destes requisitos:

- Maiores de 65 anos.
- Pensionistas de xubilación, invalidez ou viuvez maiores de 60 anos.

O cónxuxe do/a pensionista pode participar inda que non reúna o requisito de idade sempre que veña acompañado/a polo/a pensionista.

Artigo 3. Contía.

A cantidade que se debe pagar en concepto de prezo público pola asistencia é :

XXXIII Romaría	20 €/persoa
----------------	-------------

Artigo 4. Normas de xestión.

O pago do prezo público realizarase no centro da 3ª idade, de luns a venres de 17:00 horas a 21:00 horas do 27 de abril 2026 ao 13 de maio de 2026.

Artigo 5. Devolución de ingresos.

Procederá nos seguintes casos:

1. Por causas imputables ao concello, por non terse realizado a Romaría.
2. Cando se acredite debidamente a imposibilidade de acudir por causa de enfermidade.

Artigo 6. Lexislación aplicable.

En todo o non previsto no presente acordo estarase ao disposto no Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, na Lei 8/1989, de 13 de abril, de taxas e prezos públicos, na Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

ANEXO II

APROBACIÓN DO PREZO PÚBLICO CAMPAMENTOS DE VERÁN 2026

Artigo 1. Obxecto.

De conformidade co establecido no artigo 41 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e nas bases de execución do concello de Vedra, fixéanse as contías dos prezos públicos aplicables ao servizo de campamentos de verán do ano 2026 nas seguintes modalidades:

- Minicampamento de aventura: para nados e nadas en 2015, 2016 e 2017.
- Campamento de mar: para nados e nadas en 2010, 2011, 2012, 2013, 2014 e 2015.

Artigo 2. Persoas obrigadas ao pagamento.

Os pais, titores ou responsables dos menores que se beneficien dos servizos a que se refire o artigo anterior.

Artigo 3. Contía.

A cantidade que se debe pagar en concepto de prezo público pola participación en cada campamento é:

A) Minicampamento de aventura	160 €
B) Campamento de mar	250 €

Artigo 4. Bonificacións.

Supostos de bonificación	Porcentaxe de bonificación	Prezo público sen bonificación	Prezo público bonificado
Supostos de emerxencia social ou outra situación valorada tecnicamente polo departamento de servizos sociais	100%	A) 160,00 € B) 250,00 €	A) 0,00 € B) 0,00 €
*Condición de familia numerosa xeral	25%	A) 160,00 € B) 250,00 €	A) 120,00 € B) 187,50 €
*Condición de familia numerosa especial	40%	A) 160,00 € B) 250,00 €	A) 96,00 € B) 150,00 €
*Familias monoparentais	25%	A) 160,00 € B) 250,00 €	A) 120,00 € B) 187,50 €

* Para aplicar as bonificacións de familia numerosa é requisito que a base imponible do IRPF da unidade familiar sexa menor que o triplo do IPREM (tributación individual, media) ou que o séxtuplo do IPREM (tributación conxunta).